

Nº expediente	Datos do solicitante Razón social/Apelidos, nome	NIF/CIF
507	RGV32010303409 Vaz Domínguez, María Luisa	36920930L
508	RGV32010459209 Vázquez Domínguez, Julio	76693422Z
509	RGV27010355009 Vázquez Fernández, Carlos	33323268V
510	RGV27010045409 Vázquez González, María Teresa	34243595E
511	RGV32010209809 Vázquez Janeiro, Rosa	34950612L
512	RGV15010164609 Vázquez Raña, Ana Belén	79318736Q
513	RGV15010223909 Vázquez Rey, Luis	76511928J
514	RGV27010234309 Vázquez Seijas, Jovita	33831880F
515	RGV15010390809 Vázquez Vázquez, María Jesús	79319415M
516	RGV27010219809 Veiga Arce, Javier	34260653Z
517	RGV15010238109 Veiras Veiras, José	32399660C
518	RGV27010051109 Vidal Couso, María	76554893Z
519	RGV15010136509 Vidal Grueiro, María	76405942B
520	RGV15010472009 Vidal Pose, Ángel Manuel	76345153B
521	RGV32010468309 Vidueira Basteiro, Benigno	34943459L
522	RGV36010285009 Vilar Caseiro, Marta	76826741W
523	RGV27010313709 Vilar Varela, S.C.	J27385236
524	RGV15010203509 Vilarinho Carro, María Jesús	76353913P
525	RGV27010011809 Viorteiro, S.C.	J27337088
526	RGV27010417309 Vizcaíno Peteiro, José Manuel	33312697A
527	RGV15010218109 Xoios SAT 1041 XUGA	V15716087
528	RGV15010109309 Xuaneiro SAT 980 XUGA	V15664709
529	RGV15010167609 Xuliant, S.C.	J70040043
530	RGV32010479109 Yáñez López, Ramón	34607241S
531	RGV32010461209 Yáñez Núñez, José	76700836E

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

Corrección de erros.-Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009 e ao abeiro do convenio suscrito entre o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) e o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) o día 3 de xullo de 2009.

Advertidos erros na resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 213, do 30 de outubro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 16.904, no título da resolución, onde di: «... o día 3 de xullo de 2009», debe dicir: «... o día 3 de xullo de 2008».

Na páxina 16.916, no punto 2.D, onde di: «Auditorías enerxéticas a frotas de transporte industrial, de pasaxeiros e de mercadorías», debe dicir: «Auditorías enerxéticas a frotas de transporte industrial, de pasaxeiros e de mercadorías. Os estudos resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento. Contido mínimo dunha auditoría enerxética dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)».

Na páxina 16.916, no punto 3.A, onde di: «Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada propietarios ou titulares de edificios do sector residencial...», debe dicir: «Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada propietarios ou titulares de vivendas unifamiliares, edificios do sector residencial...».

Na páxina 16.920, no punto 3.E, onde di: «Unha vez finalizada a auditoría deberá presentarse unha copia dela en formato dixital así como o formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)», debe dicir: «Os estudos resultantes deberán ter o contido mínimo indicado no documento: Contido mínimo dunha auditoría enerxética dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es). Unha vez finalizada a auditoría deberá presentarse unha copia dela en formato dixital así como o formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)».

Na páxina 16.923, no punto 4.C, onde di: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)», debe dicir: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es), en pdf».

Na páxina 16.923, no punto 5.A, onde di: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)», debe dicir: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es), en pdf».

Na páxina 16.924, no punto 5.B, onde di: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es)», debe dicir: «Documento formulario de resultados do estudo, dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.es), en pdf».

Na páxina 16.926, no anexo II, Solicitud ADM 00, onde di: «LEXISLACIÓN APLICABLE... o día 3 de xullo de 2009», debe dicir: «LEXISLACIÓN APLICABLE... o día 3 de xullo de 2008».

SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 12 de novembro de 2009 pola que se modifica a do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

A Resolución do 13 de marzo de 2009 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria (DOG nº 57, do 24 de marzo) establece un importe total dispoñible para o exercicio 2009 de 628.500 € destinado ao financiamento das axudas económicas individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Os créditos para estas axudas son ampliables e poderán incrementarse de acordo co disposto na lei anual de orzamentos e na

Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, co fin de atender todas as mulleres que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

En consecuencia, ante a existencia de disponibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2009 destinados ao financiamento das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da Resolución do 13 de marzo de 2009, na contía adicional de 535.050 € para o exercicio corrente, coa finalidade de facer chegar as ditas axudas ao maior número de mulleres posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos obxectivos fixados.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Ampliase o importe correspondente ao exercicio 2009, aplicación 05.80.313D.480.0 en 535.050 € quedando a cantidade total en 1.163.550 € que se vai destinar ao financiamento das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero que se van conceder ao abeiro da Resolución do 13 de marzo de 2009, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

2. Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida resolución para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2009.

P.S. (Resolución do 4 de maio de 2009)

Marta González Vázquez

Directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres.

A disposición transitoria terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, respecto da mobilidade dos funcionarios dos corpos

docentes, que mentres non sexan desenvolvidas as previsións contidas na devandita lei que afecten a mobilidade mediante concurso de traslados dos funcionarios docentes nela recollidos, a mobilidade axustarase á normativa vixente á entrada en vigor desta.

De conformidade co establecido no parágrafo anterior, así como ao Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, modificado polo Real decreto 1964/2008, do 28 de novembro, e existindo prazas docentes que se deben prover entre funcionarios do corpo de mestres, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Convocatorias

I. Convocatoria de readscrición no propio centro.

Rexerase polas seguintes bases:

Primeira.-*Participantes.*

Poden participar nesta convocatoria, tanto a vacantes como a posibles resultas, o persoal funcionario docente do corpo de mestres que se encontren nalgún dos seguintes supostos:

1. O persoal funcionario docente do corpo de mestres que perdesse o posto de traballo que viña desempeñando con carácter definitivo ben por supresión, ben por transformación deste.

2. Os que, en virtude da rede de centros de 1998 resultasen adscritas ou adscritos a postos de educación infantil e perderon o seu posto por transformación do centro en institutos de educación secundaria ou centros de educación permanente de adultos, participarán desde o centro no que foron escolarizados os alumnos. Cando os centros receptores fosen máis de un, optarán exclusivamente por un deles.

3. Os que, como consecuencia do proceso de adscrición do ano 1996, quedaron adscritos con carácter forzoso a un IES de localidade distinta á de procedencia.

4. Os que no curso académico 2009/2010 estean desprazadas ou desprazados do seu centro de destino por falta de horario.

Enténdese que o persoal funcionario docente do corpo de mestres está desprazado por falta de horario cando non teña ningunha hora de docencia na súa especialidade.

5. Os que, en virtude da adscrición convocada pola Orde do 22 de maio de 1990, DOG do 7 de xullo, na Orde do 9 de xullo de 1991, DOG do 14 de agosto e, se é o caso, Orde do 30 de marzo de 1992, DOG do 21 de abril, obtiveron un posto para o que non están habilitadas/os conforme exixen os artigos 6 e 17 do Real decreto 895/1989, modificado polo Real decreto 2112/1998.